



DECRETO DE ALCALDÍA Nº 47/2018

EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DE ACCESOS DENDE O NÚCLEO DE POUADELA NA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE PREVESOS ATA A PARROQUIA DE SANTA LEOCADIA”

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei, (Lugo):

Vista a Providencia de Alcaldía de data de 5 de febreiro de 2018 pola que se propón iniciar o expediente para a contratación da obra de Mellora de accesos dende o núcleo de Pousadela na zona de concentración parcelaria de Prevesos ata a parroquia de Santa Leocadia, cun orzamento total de 91.281,20 euros, IVE incluído.

Esta obra realízase ao abeiro da Resolución de 18 de maio de 2017 pola que se aproba o Plan Marco Mellora de camiños municipais 2017-2018, para a concesión directa, publicada no DOG nº 102 de 31 de maio de 2017, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

A Resolución de concesión de axuda da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, concretouse en data 8 de setembro de 2017 que tivo entrada no concello o día 11/09/17 co nº 2.455, cun importe de 75.439,01€

Redactado o prego de prescricións técnicas polo autor do proxecto D. Alberto Flores Aguiar.

Considerando o contido do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán a contratación e que se incorporan ó expediente.

Vistas as solicitudes de autorizacións sectoriais previas aos organismos de Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e de Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Servizo de Patrimonio Cultural) de datas 27 de xuño de 2017 cos números de saída 835 e 834 respectivamente.

Vista a comunicación da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, relativa ao expediente de autorización da Mellora de accesos dende o núcleo de Pousadela na zona de concentración parcelaria de Prevesos ata a parroquia de Santa Leocadia, de 17 de xullo de 2017, que tivo entrada no concello o 19 de xullo de 2017, co nº 2.025 de entrada, no que se indica un período máximo de seis meses para resolver por parte de dito organismo.

Visto o Informe favorable do Servizo de Patrimonio da Xefatura Territorial en Lugo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, relativa á autorización da Mellora de accesos dende o núcleo de Pousadela na zona de concentración parcelaria de Prevesos ata a parroquia de Santa Leocadia, de data 12 de xullo de 2017, que tivo entrada no concello o 18 de xullo de 2017, co nº 1.974 de entrada.

Vistos os informes de secretaría de datas 16 de xaneiro de 2018 e de 6 de febreiro de 2018.

Visto o certificado de existencia de crédito de Intervención de data 5 de febreiro de 2018.

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o Decreto de Alcaldía, nº 54/2016, de 7 de marzo de 2016, publicado no B.O.P, nº 79, de 7 de abril de 2016,

ACORDO

1º.- Avogar, temporalmente, a competencia delegada na Xunta de Goberno Local.

2º.- Aprobar o inicio do expediente de contratación da obra de Mellora de accesos dende o núcleo de Pousadela na zona de concentración parcelaria de Prevesos ata a parroquia de Santa Leocadia, polo procedemento aberto e tramitación urxente.

3º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a realización da obra citada, polo procedemento aberto, tramitación urxente, aplicando varios criterios de adxudicación, cuio contido literal é o seguinte:

“PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN URXENTE DA OBRA, “MELLORA DE ACCESOS DENDE O NÚCLEO DE POUSELA (NA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE PREVESOS) ATA A PARROQUIA DE SANTA LEOCADIA”.

1º.-OBXECTO E CUALIFICACIÓN DO CONTRATO.

O obxecto do contrato é a execución do proxecto denominado, “Mellora de accesos dende o núcleo de Pousadela (na zona de concentración parcelaria de Prevesos) ata a parroquia de Santa Leocadia”, cuxa codificación é CPV: 45233222-1.Traballos de pavimentación e asfaltado.

As obras a executar consisten en limpeza de cunetas e repavimentación do vial municipal codificado como 010-016 dende o núcleo de Pousadela (na zona de concentración parcelaria de Prevesos) ata a parroquia de Santa Leocadia, que teñen por obxecto o mantemento e mellora dunha das principais vías de comunicación de titularidade municipal nas parroquias de Prevesos e Santa Leocadia, pertencentes ao concello de Castro de Rei. Este vial soporta unha densidade de tráfico notable debido a súa labor vertebradora comunicando a estrada autonómica LU-120 coa estrada provincial LU-P-1611, atravesando distintas parroquias e rematando na capitalidade do concello, o núcleo de Castro de Rei.

As obras realizaranse de conformidade co proxecto redactado por don Alberto Flores Aguiar, colexiado co nº 29426, en xuño de dous mil dezasete.

O contrato goza da consideración de contrato administrativo de obra (artigos 5 e 6, 171 e Capítulo V - Título II do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público).

2. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO ADMINISTRATIVO.

A finalidade deste contrato é a seguinte:

- No vial sobre o que se pretenden acometer ademais das obras de mantemento e mellora do firme existente, e da limpeza das cunetas, é preciso a regularización da superficie da vía nos términos sinalados no citado proxecto.

Esta actuación atópase incluída no Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, en virtude da Resolución de concesión de axuda da Dirección Xeral de Agader, dependente da Consellería de Medio rural, de data de 8 de setembro de 2017 (que tivo entrada no concello co nº 2.455 do 11 de setembro de 2017), ao abeiro da Resolución de 18/05/17, de Agader, para a concesión directa das axudas



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P- 2701000 H - R. E. L. 01270109

correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018 (D.O.G nº 102 de 31/05/17)

A finalidade que persegue este contrato é o mantemento e mellora das principais vías de comunicación de titularidade municipal nas parroquias de Prevesos e Santa Leocadia.

3º.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN.

A forma de adxudicación do contrato de obras será o procedemento aberto, en que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición e no que quedará excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 157 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

A súa tramitación pola vía de urxencia, artigo 112 do TRLCSP, xustifícase na necesidade de rematar a obra no prazo que ven marcado na resolución de concesión de axuda de Agader.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, de conformidade co artigo 150.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e coa cláusula novena deste prego.

O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local do concello de Castro de Rei, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do Proxecto Técnico que servirá de base para a realización das obras así como da adxudicación do contrato, non obstante a alcaldía poderá avogar esta competencia en virtude do disposto no Decreto de Alcaldía nº 54/2016 de 7 de marzo publicado no B.O.P de Lugo nº 79 de 7 de abril de 2.016).

O devandito órgano ten a facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo da súa impugnación ante a Xurisdicción competente.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios contidos neste prego.

4º.- PERFIL DO CONTRATANTE

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co perfil do contratante, ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web do concello de Castro de Rei.

5º.- IMPORTE DO CONTRATO

O importe do orzamento de execución por contrata desta obra ascende a noventa e un mil douscentos oitenta e un euros con vinte céntimos, (91.281,20 €), dos que quince mil oitocentos coarenta e dous euros con dezanove céntimos, (15.842,19 €), son de IVE.

O seu financiamento corresponde á Agader, polo importe sen IVE.

Faise constar a existencia de consignación orzamentaria na aplicación orzamentaria 1531.619 do orzamento do exercicio 2018, que é o prorrogado de 2017, por importe de 92.048,24€, no certificado de existencia de crédito de data 5 de febreiro de 2018.

Entenderase que as ofertas dos licitadores comprenden o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, de acordo coa súa normativa reguladora ou do Imposto que pola realización da actividade puidera corresponder.

Non están incluídos no prezo de licitación os gastos de redacción de proxecto nin os de dirección de obra.

6º.- PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo máximo de execución das obras, remata, en calquera caso, **o quince de xullo de dous mil dezaoto.**

A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do replanteo no prazo de quince días, (15), desde a data de formalización do contrato.

7º.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR, (artigos 54,56, 57, 58, 64, 146 TRLCSP, e artigos 9 e 10 do RG).

Están capacitadas para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións de contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica. A súa finalidade ou actividade deberá ter relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais dabondo para a debida execución do contrato.

Non poderán concorrer á licitación aquelas empresas que tiveron participado na elaboración das especificacións técnicas a que se refire o presente contrato, sempre que a devandita participación poida provocar restricións á libre concorrncia ou supoñer un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras, (art. 56.1 TRLCSP).

8º.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

As ofertas presentaranse no Concello, na Praza Maior, nº 1, Castro de Rei, en horario de atención ao público, no prazo de 13 DÍAS NATURAIS contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* e no perfil do contratante.

Se o último día de presentación de proposicións coincidise en sábado, domingo ou festivo prorrogárase o prazo ata o primeiro día hábil seguinte.

As proposicións poderán presentarse por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando se envíen as proposicións por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta, o mesmo día, mediante un télex, fax ou telegrama que consigne o número de expediente, o título completo do obxecto do contrato e o nome do licitador.

A acreditación da recepción do dito télex, fax ou telegrama efectuarase mediante unha dilixencia expedida o mesmo día pola Secretaría municipal. Sen a concorrncia de ambos os requisitos, non se admitirá a proposición se o órgano de contratación a recibe despois da data en que termina o prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición [*sen prexuízo do*



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P- 2701000 H - R. E. L. 01270109

establecido nos artigos 147 e 148 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro]. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figura en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas por el.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional por parte do empresario das cláusulas deste prego.

As proposicións para participar na licitación presentaranse en dous sobres distintos, (SOBRE 1 e SOBRE 2), nos que se escribirá de forma lexible e visible, sen que sexa preciso abrilo para a súa lectura, o seguinte:

- .- Denominación do contrato
- .- Nome do licitador
- .- CIF
- .- Enderezo, correo electrónico, teléfono de contacto e fax.
- .- Número de inscrición no Rexistro de contratistas, (se é o caso)

— Sobre 1: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.

Deberá levar a lenda no exterior de “DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA”. Obra: “Mellora de accesos dende o núcleo de Pousadela (na zona de concentración parcelaria de Prevesoso) ata a parroquia de Santa Leocadia”.

No seu interior conterá, de conformidade co que dispón o artigo 146.4 do TRLCSP, a seguinte documentación que deberá reunir os requisitos de autenticidade previstos nas Leis.

1º.- Unha relación de todos os documentos incluídos neste sobre.

2º.- **Declaración responsable** suscrita pola persoa que asine a proposición, de conformidade co modelo que se xunta no **Anexo I**.

3º.- Compromiso do licitador de dedicar ou adscribir ao contrato os medios persoais e materiais suficientes necesarios para a debida execución aos que se refire o artigo 64.2 do TRLCSP. Sen prexuízo de que a documentación acreditativa de tal requisito deba presentarse antes da adxudicación do contrato.

4º.- As empresas estranxeiras presentarán unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que, de modo directo ou indirecto, poidan xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponderlle ao licitador. En todo caso as empresas estranxeiras presentarán os seus documentos debidamente traducidos de forma oficial ao castelán ou ao galego.

— Sobre 2: OFERTA ECONÓMICA.

Deberá levar a lenda no exterior de “OFERTA ECONÓMICA”. Obra: “Mellora de accesos dende o núcleo de Pousadela (na zona de concentración parcelaria de Prevesoso) ata a parroquia de Santa Leocadia”.

No mesmo incluírase a proposición con arranxo ao modelo Anexo II, relativa a aqueles criterios evaluables mediante fórmulas matemáticas.

Conterá a oferta económica na que se expresará o prezo de execución do contrato debendo figurar como partida independente o importe do Imposto sobre o valor engadido, segundo o **Anexo II**, no que se incluírán os restantes criterios que de seguido se relacionan.

No caso de discrepancia entre as cantidades consignadas en letra e número prevalecerá o escrito en letra.

Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme a lexislación en vigor.

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre 2 dentro do sobre 1 implicará automaticamente o rexeitamento da proposición por vulnerar os principios de discriminación e igualdade de trato.

9º.- CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

Para a avaliación das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios obxectivos de adxudicación, directamente vinculados co obxecto do contrato:

.- **Menor prezo**, ata 5 puntos. As ofertas valoraranse obxectivamente atendendo a criterios de proporcionalidade matemática, é dicir, outorgándose a maior puntuación á empresa que mellor oferta realice e aos restantes en proporción a esta por regra matemática de tres.

.- **Maior prazo de garantía definitiva respecto do mínimo establecido pola lexislación de contratos das administracións públicas**, (1 ano),.....ata 3 puntos. Outorgarase 0,25 puntos por cada medio ano de garantía ofertado a maiores do previsto na lexislación vixente e neste prego, ata un máximo de tres puntos.

.- **Melloras na calidade das obras**. Correspondendo unha puntuación de ata 2 puntos.

Estas melloras consistirán en metros cadrados de regularización con aglomerado en quente 1 cm, valoradas en 3,62 euros (sen IVE) por cada metro cadrado, cunha superficie máxima admisible de mellora de 9.132,48 m².

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adolece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada pola administración, en resolución motivada.

A administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, sen atender necesariamente ao seu valor económico, ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no presente prego.

10º.-OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.

O carácter desproporcionado ou anormal das ofertas apreciarase de conformidade co sinalado no artigo 152 do TRLCSP.

11º.- CONFIDENCIALIDADE

Sen prexuízo das disposicións do TRLCSP relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse aos candidatos e aos licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ao formular as ofertas, en especial con respecto aos secretos técnicos ou comerciais e aos aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

Así mesmo, o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle houberse dado o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos dende o coñecemento desa información, agás que o contrato estableza un prazo maior.



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P- 2701000 H - R. E. L. 01270109

12º.- MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de contratación, de acordo co establecido no artigo 320 do TRLCSP e no punto 10 da Disposición Adicional segunda do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, en relación co artigo 21.2 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, estará presidida polo sr. alcalde-presidente e actuará como secretario, o funcionario da corporación, don Manuel Lamela Ónega.

Formarán parte dela os seguintes vogais:

- .- Dona María Josefa Fernández Legaspi, secretaria do concello.
- .- Dona Isabel María Pernas Sánchez, interventora do concello.
- .- Don Roberto Lorenzo Fernández, concelleiro de infraestructuras (vías e obras) e comercio (feiras e mercados e servizos veterinarios) do concello.
- .- Don José Luis García Barja, concelleiro de medio Ambiente, augas, calidade e avaliación Ambiental do concello.

Ás reunións da Mesa de contratación poderán incorporarse os funcionarios ou asesores especializados que resulten necesarios, segundo a natureza dos asuntos a tratar, os que actuarán con voz pero sen voto.

13º.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

O órgano de contratación, de acordo co artigo 210 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ten as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezan o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

14º.- APERTURA DE PROPOSICIÓN.

Concluído o prazo de presentación de proposicións e antes da reunión da Mesa de Contratación, emitirase certificación na que constará o número de proposicións presentadas no Rexistro Xeral, por orde de presentación e se existise anuncio de remisión dalgunha proposta por correo, neste último caso, estarase ao previsto no artigo 80.4 e 80.5 do RGLCAP, e en caso contrario, continuarase coa tramitación de acordo co disposto pola Lei.

A Mesa de Contratación reunirse á convocatoria do Presidente, para a apertura do Sobre 1 para os efectos de admisibilidade dos licitadores. Procederase á apertura dos Sobres 1 e cualificará a documentación administrativa contida neles.

A Mesa de Contratación se observase defectos ou omisións na documentación, comunicarse verbalmente ou mediante fax ou telemáticamente cos interesados concedéndolles un prazo non superior a tres días hábiles para subsanación, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios do órgano de contratación.

Cualificada a documentación e subsanados, no seu caso, os defectos e omisións a Mesa de Contratación procederá a declarar as admitidas e as rexeitadas, con expresión das causas do rexeitamento.

A Mesa de Contratación reunirse, en acto público, para a apertura e exame dos Sobres 2, no Salón de Sesións da Casa do Concello na hora e data sinalada pola Presidencia e que poderá ser no mesmo día da apertura do Sobre 1, senón resulta precisa a concesión de prazo para a subsanación de documentación aos licitadores, procedendo segundo determina o artigo 83 do RGLCAP.

Logo da lectura das devanditas proposicións, a mesa poderá solicitar todos os informes técnicos que considere precisos para a valoración delas de acordo cos criterios e coas ponderacións establecidas neste prego.

15º.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLA EMPRESA QUE PROPOÑA A OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTASOXA.

A Mesa de Contratación, unha vez avaliadas as propostas segundo os criterios de adxudicación contidos no presente prego, clasificará por orde decrecente, as proposicións que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais.

A Mesa de Contratación elevará ao órgano de contratación a acta e a proposta que estime pertinente.

No non previsto na presente cláusula será de aplicación o réxime contemplado nos artigos 150 do TRLCSP e 80 a 84 do RD 1008/2001.

O órgano de contratación requiriralle ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa que, dentro do prazo de cinco días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, (modificada pola Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio ao emprendedor):

a. Documento acreditativo da capacidade de obrar:

- Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

- Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso no correspondente Rexistro Oficial.

Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

- Empresas comunitarias: A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

- Empresas non comunitarias: A capacidade de obrar acreditarase mediante informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

Documentos acreditativos da representación.

Cando o licitador actúe mediante representante, este deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar. A achega da mera dilixencia de verificación do documento de apoderamento poderá suplir a achega deste, (art. 35.f da LRJAP-PAC). Xuntarase unha copia auténtica do Documento Nacional de Identidade do/os apoderados.

*** Unións temporais de empresas.**

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP.

b. Documentación que acredite a clasificación da empresa, no seu caso, ou xustifiquen os requisitos da solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Aínda non sendo esixible a clasificación para participar na licitación desta obra, os licitadores poderán acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica:



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

A) Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo ou subgrupo que en función do obxecto do contrato corresponda, coa categoría de clasificación que polo seu valor anual medio corresponda.

B) Ou no caso de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia:

SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA, mediante a xustificación do volume anual de negocios no ámbito ao que se refire o contrato. O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito no devandito Rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volumen anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

SOLVENCIA TÉCNICA, mediante a relación das obras do mesmo tipo ou natureza executadas no curso dos últimos dez anos, acompañada de certificacións de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo.

APRECIACIÓN DA SOLVENCIA:

- SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA: Considerarase que o licitador xustificou a súa solvencia económica e financeira se o volume anual de negocios do licitador referido ao ano de maior volumen de negocio dos tres últimos concluídos deberá ser polo menos unha vez e media o valor estimado do contrato cando a súa duración non sexa superior a un ano, e polo menos unha vez e media o valor anual medio do contrato se a súa duración é superior a un ano.

- SOLVENCIA TÉCNICA: Considerarase que o licitador acreditou a súa solvencia técnica cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

Todos os licitadores, agás no suposto de que se dispoña da clasificación correspondente que substitúa á solvencia, deberán xustificar a súa solvencia económica e financeira e a súa solvencia técnica e en consecuencia non se establece excepción de presentación da mesma por razón da contía, (artigo 11.5 do RG).

• CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

Dada a contía do presente contrato e de conformidade co previsto no artigo 25.1 do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aínda en vigor tal e como establece a disposición transitoria cuarta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, así como segundo o disposto no artigo 11 do RG, para contratar non é preciso clasificación.

Non obstante, de acordo co artigo 74 do TRLCSP, parágrafo 2º, a clasificación do empresario acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo que aqueles para os que se obtivese e para a celebración dos cales non se esixa estar en posesión dela.

A clasificación do contratista é a que segue:

- Grupo G: Viais e pistas
- Subgrupo: 04 Con firmes de mezclas bituminosas
- Categoría 1

Dita clasificación é equivalente segundo os termos establecidos no RD 1098/2001, de 12 de outubro, á seguinte:
Grupo G. Subgrupo 4. Categoría b.

Cando a acreditación das circunstancias mencionadas nas letras a) e b), se faga mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas prevista no apartado 2 do artigo 83, ou mediante a certificación comunitaria de clasificación consonte ao sinalado no artigo 84, deberá acompañarse á mesma unha declaración responsable do licitador proposto no que manifieste que as circunstancias reflectidas na correspondente certificación non teñen experimentado variación. **Todo iso sen prexuízo da presentación da restante documentación que esixe a normativa vixente.**

c. Documentación necesaria para adxudicación do contrato.

O licitador coa oferta máis vantaxosa deberá presentar a seguinte documentación, de conformidade co disposto no artigo 151.2 do TRLCSP.

1.- Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social, ao abeiro dos artigos 14 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

2.- Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Xunta de Galicia ao abeiro dos artigos 13 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao corrente do pagamento das súas obrigas tributarias.

3.- Copia compulsada da alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referido ao último exercicio, ou o último recibo completado cunha declaración responsable de non estar dado de baixa na matrícula do devandito imposto.

4.- Documentación acreditativa da efectiva disposición dos medios persoais e materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato.

5.- Documento que acredite a constitución da garantía definitiva.

6.- Documento acreditativo do pagamento dos anuncios.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o da finalización do prazo de presentación das proposicións.

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

16º.- GARANTÍA DEFINITIVA

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as cales deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que se deberá depositar nos establecementos sinalados na alínea a) anterior.



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

c) Mediante contrato de seguro de caución, suscrito na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberase entregar nos establecementos sinalados na alínea a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Salvo que neste prego sexa establecido o contrario a acreditación da constitución da garantía poderá facerse mediante medios electrónicos.

17º.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

Unha vez recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá ser declarada deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego.

A adxudicación, que deberá ser motivada, notificaráselles aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que lle permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular, expresará os seguintes aspectos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.
- Respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de forma resumida, as razóns polas cales non se admitiu a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.
- Na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización.

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderase efectuar por correo electrónico ao enderezo que os licitadores ou candidatos indicasen ao presentaren as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Porén, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, será de cinco días.

18º.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato en documento administrativo farase dentro dos quince días hábiles seguintes á data da notificación da adxudicación; este documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública e os correspondentes gastos correrán pola súa conta.

19º.- SUBCONTRATACIÓN

O contratista non poderá subcontratar a execución da obra.

20º.- DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son dereitos específicos do contratista as seguintes:

A) Aboamentos ao contratista. O contratista ten dereito ao aboamento da obra executada, nos termos establecidos no artigo 216 e Disposición Transitoria Sexta do TRLCSP.

A expedición das certificacións da obra executada efectuarase nos prazos que sinala o director de obra. A obra certificada valorarase conforme aos prezos do proxecto técnico e as certificacións terán sempre carácter provisional e quedarán suxeitas á medición e certificación que poida facerse na liquidación final; isto non supoñerá, polo tanto, nin a aprobación nin a recepción das obras que comprendan.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para executar as obras no prazo contractual, salvo que a xuízo da dirección das obras existisen razóns para consideralo inconveniente.

Poderanse verificar aboamentos á conta, logo da petición escrita do contratista por aprovisionamento de materiais, instalacións e equipamentos adscritos á obra, na forma e coas garantías que, para tal efecto, determinan o artigo 232 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e artigos 155 a 157 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

B) Obrigas do contratista.

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

— Obrigas laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.

— O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro).

— Sinalización das obras. O contratista está obrigado a instalar á súa custa as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debidos á marcha daqueles, tanto na devandita zona coma nos seus lindeiros e inmediacións.

— O contratista deberá cumprir as previsións recollidas no Plan de seguridade e saúde no traballo.

— Gastos esixibles ao contratista. Correrán pola conta do contratista os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de licitación, adxudicación ou da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes, na forma e contía que estas sinalen. En caso de que o esixa algunha das administracións que financia a obra, o contratista instalará á súa custa letreiros de identificación da obra, coas características que se establezan.

De conformidade co parágrafo V, letra b, da Resolución do 8 de setembro de 2017 de concesión de axuda Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, colocarase polo contratista adxudicatario un panel de obra con información acerca da devandita actuación, que deberá estar visible durante a execución das obras e durante o período de garantía previsto na LCSP.

Dende o concello facilitarase o modelo que Agader a súa vez facilitará a través da páxina web ou modelo correspondente.



Así mesmo, o contratista quedará obrigado a instalar á súa costa os sinais indicativos de obras, perigo, precaución, desviación, etc,... de conformidade co previsto no Código da Circulación e normativa de prevención de riscos laborais, e deberá adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo responsable dos accidentes motivados polo incumprimento desta cláusula.

21. FACTURAS.

Conforme o establecido na disposición adicional trixésimo terceira do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, o contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo, en tempo e forma, no prazo de trinta días dende a data de emisión da certificación de obra.

Na factura incluíranse, ademais dos datos e requisitos establecidos no artigo 72 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas, os aspectos previstos no punto segundo da disposición adicional trixésimo terceira do TRLCSP, polo que faise constar:

a) Que o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local, non obstante a alcaldía poderá avogar esta competencia en virtude do disposto no Decreto de Alcaldía nº 54/2016 de 7 de marzo publicado no B.O.P de Lugo nº 79 de 7 de abril de 2.016).

b) Que o órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública é Intervención.

c) Que o destinatario é o Concello de Castro de Rei.

De conformidade co disposto na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación de rexistro de facturas no sector público, a partir do 15 de xaneiro de 2015 deberán emitirse as facturas superiores a 5.000 mil euros en formato Facturae 3.2, e remitirse a través de punto electrónico de entrada de facturas, en concreto a través do FACe-Punto General de Facturas Electrónicas de la Administración del Estado.

22. PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Unha vez formalizado o contrato, o adxudicatario elaborará un Plan de seguridade e saúde no traballo da obra, axustado ao estudo básico de seguridade e saúde do proxecto, no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas nestes.

No devandito plan incluíranse, de ser o caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o contratista propoña, coa correspondente xustificación técnica, que non poderán supoñer unha diminución do nivel de protección previsto no estudo.

O Plan será aprobado polo concello antes do inicio da obra, logo do informe do coordinador en materia de seguridade e saúde ou da dirección facultativa da obra, se non fose preceptivo designar un coordinador, e comunicarse á autoridade laboral.

23. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

A execución do contrato de obras comezará co acto de comprobación da reformulación, o cal realizarase no prazo máximo de quince días, (15), dende a data da formalización do contrato.

A comprobación do trazado das obras efectuarase polo servizo da Administración encargada das obras, en presenza do contratista, estendéndose acta do resultado que será asinada por ambas as partes interesadas.

As obras executaranse con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares e ao proxecto que serve de base ao contrato e conforme ás instrucións que en interpretación técnica deste lle

dese ao contratista o director facultativo das obras, nos ámbitos da súa competencia.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración

24. REVISIÓN DE PREZOS.

Dada a duración do contrato, non ten revisión de prezos.

25. RECEPCIÓN E LIQUIDACIÓN. PRAZO DE GARANTÍA.

Á recepción e liquidación das obras, no momento da súa terminación, concorrerá o responsable do contrato, se houberse un nomeado, ou un facultativo designado pola Administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se se considera oportuno, do seu facultativo.

Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que lle será aboada ao contratista á conta da liquidación do contrato.

Se se encontran as obras en bo estado e de acordo coas prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta daras por recibidas, redactarase a correspondente acta e comezará entón o prazo de garantía.

Cando as obras non estean en estado de seren recibidas, farase constar así na acta e o director delas sinalará os defectos observados, detallará as instrucións precisas e fixará un prazo para remediar aqueles. Se, transcorrido o devandito prazo, o contratista non o efectuou, poderáselle conceder outro novo prazo improrrogable ou poderase declarar resolto o contrato.

Establécese un prazo de garantía de un (1) ano contado desde a data de recepción das obras.

Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou por instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará liberado de toda responsabilidade, salvo da responsabilidade por vicios ocultos, e procederase á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, se é o caso, ao pagamento das obrigas pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días. Se o informe non for favorable e os defectos observados se deberen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a lle ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído e concederlle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, este responderá dos danos e perdas que se manifesten durante o prazo de quince anos contados desde a recepción.

26. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

Só poderán introducirse modificacións por razóns de interese público nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do TRLCSP.

27. PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO.

Cando o contratista, por causas imputables a el, incorra en mora respecto ao cumprimento do prazo total, estarase ao disposto no artigo 212 do TRLCSP:



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

As penalidades imponseñanse por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do responsable do contrato, se houber un designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, se lle deban aboar ao contratista ou sobre a garantía que, de ser o caso, se constituíse, cando non poidan ser deducidas das mencionadas certificacións.

28. RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

A resolución do contrato producirase nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados nos artigos 223 e 237 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista.

Cando o contrato sexa resolto por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración no que excedan do importe da garantía.

29. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste prego; para o non previsto nel, será de aplicación o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en todo o que non se opoña ao Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro e estea vixente tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009. De maneira supletoria, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, a falta delas, as normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes do presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 21.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

En Castro de Rei, a 6 de febreiro de dous mil dezaoitto.

SOBRE 1

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

DENOMINACIÓN DO CONTRATO: "MELLORA DE ACCESOS DENDE O NÚCLEO DE POUSADELA (NA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE PREVESOS) ATA A PARROQUIA DE SANTA LEOCADIA."

DATOS DA PERSOA QUE DECLARA

Nome, Apelidos, NIF:

Teléfono, Fax, Correo electrónico:

Enderezo para os efectos de notificacións:

No caso de actuar en representación de persoa xurídica:

NIF:

CARGO:

1º.- DECLARO RESPONSABLEMENTE:

.- Que son certos os datos que se indican nesta declaración responsable.

.- Que coñezo e acepto incondicionalmente, sen excepción ou reserva, o prego de cláusulas administrativas particulares, ou no seu caso, o proxecto da obra, así como a restante documentación de carácter contractual que regula a licitación de referencia.

.- Que cumpro os requisitos de capacidade de obrar para contratar coa Administración que esixen os artigos 54 e 72 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do

14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, (TRLCSP).

- Que ostento poderes abondo para representar á entidade licitadora, (no caso de persoas xurídicas).

- Que se cumpren os requisitos de solvencia económica, financeira, técnica ou profesional, ou ben, de ser o caso, de estar en posesión da clasificación necesaria para a realización do obxecto do contrato de acordo co esixido no prego de cláusulas administrativas particulares.

- Que me comprometo a adicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para este fin que, no seu caso, esixa o prego.

- Que no suposto de ser proposto como adxudicatario do contrato, acreditarei, previo requirimento do órgano de contratación, a posesión e validez dos documentos esixidos segundo os artigos 146 e 151 do TRLCSP e este prego.

- Que, de acordo co establecido no artigo 146.4 do TRLCSP achegarei ante o órgano de contratación, cando así sexa requirido en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para adquirir a condición de adxudicatario do contrato.

- Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, atópanse incurso en ningún suposto aos que se refire o artigo 60 do TRLCSP.

- Que non forma parte dos órganos de goberno ou Administración da entidade ningún alto cargo aos que se refire a Lei 3/2015, de 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeneral do Estado, da Lei 53/1984 de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, nos termos establecidos na mesma.

- Que nin o asinante da declaración, nin ningún dos administradores ou representantes da entidade á que represento, é conxuxe, persoa vinculada con análoga relación de convivencia afectiva ou descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior, (sempre que, respecto destes últimos, estas persoas ostenten a súa representación legal).

- Que me atopo-ou a entidade á que represento atópase-ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias, facenda estatal e autonómica, coa Seguridade Social e co concello de Castro de Rei, impostas polas disposicións vixentes.

- Que a entidade á que represento está dada de alta na matrícula correspondente do Imposto de Actividades Económicas, segundo o disposto no artigo 15 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, (RXLCAP), e que: (risque o que proceda)

Está ao corrente do pagamento.

Está exenta de conformidade co artigo 82.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

- Que a persoa que declara-ou a entidade á que represento- está inscrita no Rexistro de Licitadores que a continuación se indica, (márkese o que corresponda), e que as circunstancias que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e que non experimentaron variación. (risque o que proceda).

Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado.

Rexistro Xeneral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, (nº de inscrición_____).

- Que en relación co establecido no artigo 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do RXLCAP sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil á que represento, (consignar o que proceda):



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que conorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.

Pertence a un grupo de empresas _____ ou está integrada por algún socio no que conorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio.

A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte, (se a relación de empresas é moi extensa xuntarase en documento anexo):

- a).....
- b).....
- c).....

.- Que de acordo co disposto nos artigos 86 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas e 152 do TRLCSP, a entidade á que represento comprométese a achegar ou, se é o caso, facilitar tanta información lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un grupo de empresas.

.- No caso de unión temporal de empresas, ademais, a efectos de notificación, nome e apelidos do representante, enderezo, teléfono e fax de contacto.

2º.- CORREO ELECTRÓNICO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS.

COMPROMÉTOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico: _____

3º.- DOCUMENTACIÓN CONFIDENCIAL

Ao abeiro do disposto no artigo 140.1 do TRLCSP declaro como confidencial a seguinte documentación contida na oferta:

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade, para a presentación na licitación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do contrato de referencia.

Lugar, data e sinatura do licitador.

ANEXO II

DENOMINACIÓN DO CONTRATO: MELLORA DE ACCESOS DENDE O NÚCLEO DE POUSADELA (NA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE PREVESOS) ATA A PARROQUIA DE SANTA LEOCADIA.

a) Proposición económica

Presentarase de acordo co seguinte modelo:

«D. _____, con domicilio para os efectos de notificacións en _____, r/ _____, núm. ____, con DNI _____, en representación da entidade _____, con CIF _____, informado do expediente para a contratación das obras, "MELLORA DE ACCESOS DENDE O NÚCLEO DE POUSADELA (NA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE PREVESOS) ATA A PARROQUIA DE SANTA LEOCADIA", por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, tramitación urxente, con varios criterios de adxudicación, anunciado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. ____, do _____, e no perfil do contratante, fago constar que coñezo o prego que serve de base para o contrato e que o acepto

integramente, que participo na licitación e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato nas seguintes condicións:

- Menor prezo:
- Prezo sen IVE : _____ euros.
- Imposto sobre o valor engadido (IVE): ___ euros.
- PREZO TOTAL:
- Melloras na calidade das obras consistentes en _____ metros cuadrados de regularización con aglomerado en quente 1 cm valoradas en: _____ euros (sen IVE) por cada metro cuadrado.
- Ampliación do prazo de garantía das obras (a maiores do ano esixido):

_____, ___ de _____ de 2018.

Sinatura do licitador

Asdo.: _____.»

_____, ___ de _____ de 20__”

4º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para a realización da obra nos términos redactados polo proxectista.

5º.- Aprobar o gasto polo importe de 91.281,20€, dos cales 75.439,01€€ son do orzamento sen IVE, máis un 21% de IVE de 15.842,19€, con cargo á partida orzamentaria 1531.619 do orzamento do exercicio 2018, que é o prorrogado de 2017.

6º.- Publicar o anuncio polo que se convoca a licitación para a realización da obra de Mellora de accesos dende o núcleo de Pousadela na zona de concentración parcelaria de Prevesos ata a parroquia de Santa Leocadia, no boletín oficial da provincia de Lugo e no perfil do contratante do concello.

En Castro de Rei, a 6 de febreiro de 2018.